

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 19 DE MAIO DO 2022.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezanove de Maio do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 12/05/2022

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202205/145**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/05/2022 "Decreto: AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO MODIFICADO DO PROYECTO "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA)""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202205/175

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/05/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “TERRA ARQUEOS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO “ESCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO RECINTO SUPERIOR DO CASTRO DA CIDÁ (RIBEIRA)””

### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202205/256

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 16/05/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA PARA DOUS ANOS (CORRESPONDENTES ÁS ANUALIDADES ORZAMENTARIAS 2022-2023-2024), PRORROGABLE POR DOUS PERÍODOS DE UN ANO CADA UN””

### 5.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PISCINA NO LUGAR DE CAMPOS DE ARRIBA, CARREIRA, RIBEIRA. PROMOTORA: ANTÍA GARCÍA CAMPAÑA

**VISTA** a **solicitud** de licenzia urbanística presentada por **Dna. Antía García Campaña** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PISCINA**, no lugar de Campos de Arriba, Carreira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A01400332000KH, nos termos do Proxecto Básico modificado de abril de 2022 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (Arquitecto Col. nº 4.169).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico municipal** de data 22 de abril de 2022, pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira o día 25 de abril de 2022 en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de 1.153,61 €, do **técnico de administración xeral** de data 28 de abril de 2022 e do **secretario xeral** da Corporación de data 5 de maio de 2022, considérase que a tramitación do expediente realízouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Antía García Campaña** **licenzia urbanística (Nº 16/22)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PISCINA**, no lugar de Campos de Arriba, Carreira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A01400332000KH, nos termos do Proxecto Básico modificado de abril de 2022 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (Arquitecto Col. nº 4.169):

-*Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

-*Deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.153,61 €. en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenzia**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de*



*pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*



- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo



de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**6.- MODIFICACIÓN (nº 4/22) LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, RÚA PUNTA DA BARCA AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: SOLEDAD RIESGO VEIGA**

**VISTA** a solicitude de **MODIFICACIÓN** de licenza urbanística (nº 4/22) presentada por **Dna. Soledad Riesgo Veiga** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Rúa Punta da Barca, Aguiño, Ribeira, en **parcela D** resultante da **licenza de segregación nº 10/21**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2021, nos termos do Proxecto Básico modificado e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de marzo de 2022 redactado por Dna. Eva Abal Serantes e D. Alberto Martínez Naya, (arquitecta/os col. nº 11.017 e nº 3.961 respectivamente).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á Corporación de data 26 de abril de 2022, de **valoración do arquitecto municipal** de data 28 de abril de 2022 do **técnico de administración xeral** de data 28 de abril de 2022 e do **secretario xeral da Corporación** de data 3 de maio de 2022, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Soledad Riesgo Veiga** **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 4/22** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Rúa Punta da Barca, Aguiño, Ribeira, en parcela D resultante da licenza de segregación nº 10/21, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2021,



nos termos do Proxecto Básico modificado e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de marzo de 2022 redactado por Dna.Eva Abal Serantes e D.Alberto Martínez Naya, (arquitecta/os col. nº 11.017 e nº 3.961 respectivamente).

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de*





*Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

*-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**7.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E CONSTRUCCIÓN AUXILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR DO VILAR CARREIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: LILIAN SAMPEDRO CRUJEIRAS-JORGE PARADA RIVAS**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística presentada por **Dna. Lilian Sampedro Crujeiras e D. Jorge Parada Rivas**, rexistrados de entrada os días 22 de xaneiro de 2021, 24 de marzo, 4 de abril e 9 de maio de 2022, (Rexistro de entrada nº 2.465, 5.440, 6.243 e 8.882), para **construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e construción auxiliar, no lugar do Vilar, Carreira, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A013002690000KL achegándose Proxecto Básico de xaneiro de 2021, Informe técnico de 4 de abril de 2022, Informe técnico xustificando muro tradicional de 9 de maio de 2022 redactados polo arquitecto D. José A. Gómez Domínguez, (col. nº 4.169), así como a Autorización de Augas de Galicia Exp. DH.W15.77113 asinado polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro D. Jesús Antonio Manrique Merino o día 10 de decembro de 2021, polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico D. Roberto Arias Sánchez o día 10 de decembro de 2021 e pola directora de Augas de Galicia Dna. Teresa Mª Gutiérrez López o día 11 de decembro de 2021 e o Informe emitido pola Subdirección Xeral de Espazos Naturais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e vivenda, no que resolve que dacordo co establecido no Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, a construción da vivenda incluída na solicitude, non require autorización relativa á normativa de protección dos espazos naturais, ao estar sometida unicamente as determinacións do PXOM do concello de Ribeira e á normativa urbanística de aplicación, asinado o día 3 de marzo de 2022 polo xefe do Servizo de Parques Naturais D. Antonio Rodríguez Fernández e polo subdirector xeral de Espazos D. Tomás Fernández- Couto Juanas.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto técnico municipal** con sinatura dixital de día **22 de abril de 2022**, **informe do técnico de administración xeral** adscrito ó Departamento de Urbanismo de **11 de maio de 2022** e **secretario xeral da Corporación** de **12 de maio de 2022**, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,**





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a Dna.Lilian Sampedro Crujeiras e D.Jorge Parada Rivas **LICENZA DE OBRAS (Nº 17/22)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA e CONSTRUCCIÓN AUXILIAR**, no lugar do Vilar, Carreira, Ribeira.

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

*Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente*

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

*-Deberá presentar coa solicitude de licenza de primeira ocupación a acta de conformidade emitida pola Deputación da Coruña como titular da estrada en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable do Servizo Provincial.*

*-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*

*-Acta de recepción de edificio terminado.*

*-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

*-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

*-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se*



*fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220878359
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/05/2022 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/05/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -		Fecha: 19/05/2022 Hora: 14:47



productos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## **8.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DIGNA CORES PAZOS POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NAS INSTALACIÓNS DA CASA CONSISTORIAL. EXPEDIENTE 2021 RESP000010.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DIGNA CORES PAZOS** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### **FEITOS**

**Primeiro.-** O día 20 de agosto de 2021, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Digna Cores Pazos, con DNI número 52.451.876-P, saía da Casa Consistorial do Concello de Ribeira onde asistira á celebración dunha voda civil, cando, ao baixar as escaleiras sufriu unha caída como consecuencia da rotura dunha lousa daquelas.

**Segundo.-** Por mor da caída, a Sra. Cores Pazos mancouse no xeonllo esquerdo e rompeu o seu teléfono móbil, polo que mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/08/2021 co número 14.617, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Digna Cores Pazos promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira pola rotura do seu teléfono, que cuantifica na contía de 150,16 euros, segundo factura expedida por "Moga Telecom S.L".



Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: o resume de partes do servizo realizados na data 20/08/2021 pola Policía Local; acta testifical realizada na data 16/02/2022 e informe emitido na data 11/04/2022 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en



materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. M<sup>a</sup> Digna Cores Pazos para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 20/08/2021 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do suceso.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da zona na que ocorreu o accidente**, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos pola Sr. Cores Pazos. Así se deduce da factura de reparación do teléfono móbil que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaban as escaleiras de acceso á Casa Consistorial polas que baixaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do accidente** polo que se reclama, como así se aprecia no resume dos partes de servizo que consta no expediente.
- No departamento de obras públicas tampouco se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte respecto ao estado da zona da caída: *“(…) En la fecha del accidente, esto es, el día 20 de agosto de 2021, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna*





*inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en esa fecha. De todas formas con motivo de la reclamación presentada de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, en el mes de diciembre de 2021 se procedió a la inspección del lugar del accidente, observando roturas parciales en las piezas de algunos peldaños de las escaleras exteriores por las que se accede a la Casa Consistorial, sobre todo en pequeñas zonas de la parte del arranque de la escalera. En la inspección realizada se han tomado varias fotografías que se unen a este informe, catalogando el conjunto de las escaleras de acceso en tres zonas, tal y como se señala en el plano de la zona que se une a este informe. En la zona 01 (que se muestra en las dos primeras fotografías que se unen a este informe) las piezas rotas están prácticamente pegadas al piso de la plaza, prácticamente a cota +0,00. En la zona 02 no se observa prácticamente ningún defecto, tal y como se puede apreciar en las fotografías tres y cuatro. En la zona 03 las piezas rotas están con una cota de +0,16 y también se ha despegado parcialmente la tabica de ese peldaño. Así se muestra en las fotografías cinco y seis. **De la inspección realizada se puede concluir que el estado general de las escaleras de acceso a la Casa Consistorial no es del todo óptimo, y aunque la rotura de algunas de las piezas no suponen un defecto de consideración y son perfectamente apreciables, pueden suponer en algunos casos un obstáculo para el viandante, por lo que sería conveniente su reparación para prevenir futuros accidentes. No se tiene constancia de otras reclamaciones o quejas por el estado de la citada zona y no se tiene nada más que añadir al respecto.***

- As testemuñas do accidente afirman que viñan xusto detrás da Sra. Cores Pazos cando se produciu a caída, e relatan que esta baixaba as escaleiras da entrada da Casa Consistorial cando tropezou co último chanzo que está roto e caeu ó chan, rompendo o teléfono móbil que levaba na man e sufrindo algunhas rascaduras.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade, pois, aínda que resulta probado a existencia dun obstáculo, non resulta probado que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída da reclamante se esta tivera prestado a suficiente atención ó baixar as escaleiras, xa que aquel era perfectamente apreciable e visible.**

Non basta, polo tanto, con que resulte demostrado a existencia dunha peza rota das escaleiras de acceso á Casa Consistorial e que esa rotura provocou a caída, para entender que existe responsabilidade patrimonial, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade un dos fundamentos da vida social.





Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constituía á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezo e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/05/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Digna Cores Pazos polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

**9.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A. E POR D<sup>a</sup> ENCARNACIÓN FIGUEIRAS GONZÁLEZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 2064LGT OCASIONADOS COMO CONSECUENCIA DUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2021 RESP00013**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Luis Fernández Gutiérrez**, en nome e representación de **LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A.** e por **D<sup>a</sup> Encarnación Figueiras González**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 12 de setembro de 2020, D. Juan Manuel Oujo Figueiras, circulaba no vehículo, marca Seat, modelo Leon 2.0 TSI CUPRA DSG ST 300, matrícula 2064LGT, pola



Rúa Canarias, parroquia e municipio de Ribeira, de súpeto, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou diversos danos no vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 08/09/2021, D. José Luis Fernández Gutiérrez, en nome e representación da entidade "LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A." e D<sup>a</sup> Encarnación Figueiras González, con DNI número 52454025H, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 924,38 euros, dos que 624,38 corresponderían á entidade aseguradora e 300 euros corresponderían á Sra. Figueiras González como importe da franquicia, coa solicitude de que os referidos importes sexan actualizados nos correspondentes xuros de conformidade co previsto no artigo 34.3 da LRJSP.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escritura de poder para pleitos, autorizada na data 30/06/2011, ante o Notario de Madrid, D<sup>a</sup> Ana López-Monís Gallego, co número 1.607 de protocolo; copia do DNI da reclamante, da ficha técnica e do permiso de circulación do vehículo; copia do informe redactado pola Policía local como consecuencia do sinistro; copia do informe pericial; e copia das facturas do arranxo do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data do sinistro; informe realizado pola Policía local na data 15/12/2021; certificado de titularidade do vehículo emitido na data 16/12/2021 pola oficina local de tráfico de Santiago de Compostela; informe emitido na data 12/04/2022 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos



públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo o permiso de circulación do vehículo a titular do mesmo é D<sup>a</sup> Encarnación Figueiras González**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Así mesmo, **a entidade LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A. tamén ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las*



*acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Esta última, actúa representada por D. José Luis Fernández Gutiérrez, que acredita debidamente a su representación mediante escritura de poder para pleitos, autorizada na data 30/06/2011, ante o Notario de Madrid, D<sup>a</sup> Ana López-Monís Gallego, co número 1.607 de protocolo

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente.** A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación, e como consta no informe emitido pola Policía local na data do sinistro, que dispón: **“(…) Personados en el lugar comprobamos como hay un socavón de gran tamaño en la calzada de una longitud entorno a 30 o 40 cm y una profundidad de al menos 5 cm. Lo que le había provocado que reventase la rueda delantera derecha de su vehículo al circular por dicha vía.”**

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe realizado na instrución deste expediente, dispón o seguinte: **“(…) Existía un bache en el carril de circulación de la calle Canarias en sentido descendente hacia la plaza del pescado, ubicado en la parte derecha del carril de circulación. El bache en la calzada es según opinión de los policías actuantes, lo que produjo los daños en el vehículo señalado. El vehículo circulaba de forma correcta, sin ningún tipo de comportamiento en la conducción que influyera en los daños ocasionados en el mismo. En el momento del siniestro, no había ningún tipo de señalización, que advertiera del bache en la calzada, posteriormente dicho bache fue señalado por los policías actuantes, los cuales dieron parte a esta Jefatura y días después, dicho bache fue asfaltado por obreros del Ayuntamiento.”**

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 12/04/2022, dispón que: **“(…) En la fecha del accidente, esto es, el día 12 de septiembre de 2020, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en esa fecha. Solamente puede constatarse por la fotografía que consta en el informe realizado por la Policía Local, en la que se puede apreciar el hundimiento de parte de la calzada, ocasionando un bache y suponiendo un obstáculo para la circulación de vehículos. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada**



de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, en el mes de diciembre de 2021 se procedió a la inspección de la calle Canarias, tomando varias fotografías que se unen a este informe, y en las que se aprecia la existencia de 3 baches de cierta consideración. De hecho durante la toma de fotografías se ha observado que los vehículos invaden el carril contrario para esquivar los baches. Según los datos que se aportan en el informe policial, el bache donde sufrió el accidente el vehículo matrícula 2064LGT debió de ser en el “Bache 3”, que se corresponde con el final de la calle Canarias, en el paso de peatones con la calle Galicia, y que como se aprecia en las fotografías ya se diferencia una cota de unos 5 cm, lo que supone un obstáculo para la circulación de los vehículos (...).”

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Seat, modelo Leon 2.0 TSI CUPRA DSG ST 300, matrícula 2064LGT, propiedade de D<sup>a</sup> Encarnación Figueiras González.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/05/2022, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/05/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Luis Fernández Gutiérrez, en nome e representación de LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A. e por D<sup>a</sup> Encarnación Figueiras González, na contía total de 924,38 euros, dos que 624,38 corresponderían á entidade aseguradora e 300 euros corresponderían á Sra. Figueiras González, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros á Sra. Figueiras González, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 774,38 euros, correspondendo 150 euros á Sra. Figueiras González e 624,38 euros á entidade LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A, mais os xuros que legalmente lles correspondan.

## 12.- SINALIZACIÓN RÚA SEN SAÍDA EN GÁNDARA, 7 (ARTES) - Judit Ordóñez López

**Visto** o escrito presentado por Judit Ordóñez López, de data 14/09/2021 (Rexistro de entrada nº 16.185), no que solicita a instalación de sinal de rúa sen saída en Estrís – Gándara (Artes).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/05/2022, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a instalación de sinalización verical de calzada sen saída (S-15a) no lugar de Gándara, á altura do nº 7 (Artes), debido a que se trata dunha rúa sen saída co inconvinte de ter que realizar unha manobra de cambio de sentido, según o sinalado no citado informe policial.



**14.- CONVENIO DE CESIÓN DE USO GRATUÍTA CON CONDICIÓN ONEROSA DUNHA PARCELA SITA NA RÚA DO NORTE, PARROQUIA DE PALMEIRA, PROPIEDAD DA ENTIDADE “URBANIZACIÓN PLAYA DE ESTEIRO, S.L.”, PARA APARCADOIRO MUNICIPAL. FINALIZACIÓN DO CITADO CONVENIO.**

Visto o expediente de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- A entidade “Urbanización Playa Esteiro S.L.”, con CIF B15493372, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública, autorizada polo Notario que foi de Boiro, José Prieto Luengo, na data 03/10/1995, con número 1221 do seu protocolo: “Solar, sito no lugar de Parte al Río, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de 2.450 metros cadrados, que linda: Norte, Joaquina Pérez, herdeiros de J. Betanzos, María Domínguez e Benita García; Sur, a finca anterior; Este, praia mar; e Oeste, estrada de Padrón a Noia. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ó Tomo 816, Libro 206, Folio 8, Finca nº 17.296. Referencia Catastral: 3849118NH0134N0001Q1.”

2.- A estes efectos, na data 26/07/2018, procedeuse á sinatura do “**Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento. Francisco Javier Costas Alonso**”, polo que se procedía á cesión de uso da citada parcela por parte do propietario cedente, para destinala a aparcadoiro de uso público. Este convenio foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 13/09/2018.

3.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 09/05/2022, Francisco Javier Costas Alonso, en nome e representación da entidade “Urbanización Playa Esteiro S.L.”, expón que a referida entidade necesita dispor, para o seu uso empresarial o inmovible obxecto da cesión, polo que solicita que se acepte por parte do Concello a finalización da cesión de uso gratuíto do citado ben inmovible, e proceda á colocación de sinalización suficiente para informar ós veciños e usuarios da condición de propiedade privada da parcela e a prohibición de uso, así como a instalación de elementos de sinalización dos lindes orixinais da parcela.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRA.-** De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmovibles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

**SEGUNDA.-** A cláusula 3ª do Convenio asinado polas partes para a cesión de uso da parcela, dispón, no seu punto primeiro, que o prazo de duración, en principio indeterminado, sería ata que a entidade propietaria necesitara dispor do devandito inmovible calquera que fose a causa, necesidade que ó sobrevir se poñería en coñecemento do Concello con dous meses de antelación co obxecto de dar por rematada a cesión de uso.





**TERCEIRA.-** O órgano competente para acordar a finalización do convenio é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/05/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude presentada na data 10/05/2022 por Francisco Javier Costas Alonso, en nome e representación da entidade “Urbanización Playa Esteiro, S.L.”, e dar por finalizada a vixencia do convenio asinado entre a citada entidade e o Concello de Ribeira, polo que se cedía o uso da parcela de referencia catastral 3849118NH0134N0001Q1 para a súa utilización como aparcadoiro municipal.

En cumprimento da Cláusula 3ª, punto 1º, do Convenio de cesión, a data de finalización da vixencia do Convenio será o 09/07/2022.

**SEGUNDO.-** Anotar a citada finalización do Convenio no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

**TERCEIRO.-** Notificar a resolución a Francisco Javier Costas Alonso, á Deputación Provincial da Coruña, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

## 15.- RESERVA DA CASA DA CULTURA DE AGUIÑO PARA CELEBRACIÓN DUN ACTO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

**Visto** o escrito presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 16/05/2022, no que expón:

*“Na sede electrónica e con data de 12/5/2022 recíbese solicitude presentada por Xabier Vidal Peón interesando dispor da Casa de Cultura de Aguiño para celebrar un acto do Bloque Nacionalista Galego o día 27 de maio de 2022 ás 20.30horas.*

*No enderezo do correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal e previa petición ao interesado, ó venres 13/5/2022 recíbese información que se engade á solicitude:*

- *“Actividade a celebrar: Encontro do B.N.G. cos veciños e veciñas de Aguiño.*
- *Destinatarios, número de asistentes: Pois non podemos saber exactitude dos participantes, en outras ocasións teñen asistido entre 30 e 40 persoas.*
- *Carácter (aberto, gratuito...etc): Ten carácter aberto e gratuito*
- *Hora de chegada / saída da instalación: Hora de chegada sobre as 20:15h*
- *Confirmación hora do acto (20.30h) e duración aprox.: Confírmase a hora do acto para as 20:30h, a duración entre hora e hora e media.*
- *Necesidades (recursos, técnicos, audio, iluminación etc): Non precisamos de recursos externos”.*

*Revisado a axenda de reservas da Casa da Cultura de Aguiño “Manuel Ayaso” na rúa Castelao 47 existe disponibilidad na data venres 27 de maio de 2022 en xornada de tarde.*



A instalación dispón dunha biblioteca e unha sala grande ésta última cun aforo aprox. de 30 – 40 persoas.

Á vista da documentación e información aportada,  
SOLICITO á Xunta de Goberno Local, adopte o acordo que estime oportuno.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a reserva de uso do local municipal denominado Casa da Cultura de Aguiño “Manuel Ayaso”, para a celebración do acto “Encontro do B.N.G. cos veciños e veciñas de Aguiño”, solicitado polo Bloque Nacionalista Galego, o día 27 de maio de 2022 ás 20:30 horas.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura

**16.- ADQUISICIÓN DE PARCELA SITA NA AVENIDA DA CORUÑA, PROPIEDAD DE D. ÁNGEL MARÍA, D. ANIBAL JOSÉ E D. JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ IGLESIAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SENDA PEATONAL EN COROSO”. EXPEDIENTE 2021 PATR000012.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Na data 23/03/2022, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: “O proxecto “SENDA PEATONAL EN COROSO” (Expte 2021/000000001136), resulta executado no marco da estratexia DUSI “MÁS RIBEIRA ATLÁNTICA 2020”, cofinanciado nun 80% por fondos FEDER, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020. Actualmente o entorno do Río Grande está moi degradado, sendo imposible circular pola súa zona de servidume. Co obxecto de recuperar este espazo para uso público propónse a creación dunha senda peonil que permita acceder a pé á praia de Coroso desde a estrada AC-305. Entre as parcelas que resultan afectadas pola realización deste proxecto, atópase a parcela que se describe a continuación: Descrición: Urbana.- Terreo, denominado “LAGOAS”, sito na Avenida da Coruña, municipio de Ribeira, da superficie de 397 m2, que linda: Norte, estrada; Sur, Concello de Ribeira; Este, Manuela Martínez Martínez; e Oeste, Josefa Pérez Ageitos. Propietarios: D. Ángel M<sup>a</sup> Martínez Iglesias, DNI número 76.512.511-K; D. Anibal-José Martínez Iglesias, DNI número 76.512.510-C; e D. José Antonio Martínez Iglesias, con DNI número 76.516.371-V. Título: Escritura de aceptación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. José Antonio Moro Álvarez, na data 13/04/2012, co número 278 de protocolo. Referencia catastral: 15074A007000240000KF. Inscrición: Non consta. Desta parcela soamente sería necesario a ocupación dunha superficie de 89 metros cadrados para a realización do citado proxecto, non obstante interesa a adquisición da mesma na súa totalidade co fin de poder destinala á execución dun área de ocio que complementa a obra definida no proxecto “SENDA PEATONAL EN COROSO”. A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaria e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda do inmovible referido.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.



- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### PRIMEIRA.-

Segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as Entidades locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens. Así mesmo, o artigo 10 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, confire ás entidades locais a potestade para adquirir bens e dereitos a título oneroso con exercicio ou non da facultade de expropiación.

A citada potestade segundo o establecido polo artigo 11 do precitado Real Decreto 1372/1986, esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, e tratándose de inmoables esixirá, ademais, informe previo pericial, e sendo bens de valor histórico ou artístico requirirase o informe do órgano estatal ou autonómico competente, sempre que o seu importe exceda do 1% dos recursos ordinarios do presuposto da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

Sen embargo, no presente caso constituído o obxecto da adquisición un ben inmoible, en aplicación do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, configúrase como un negocio xurídico expresamente excluído do ámbito da citada norma, polo que a virtualidade desta limitarase ao amparo do artigo 4 á aplicación dos seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse, sendo a regulación específica do patrimonio público o corpo normativo que delimitará o procedemento de adquisición directa.

Neste mesmo sentido manifestase o Informe 25/2008, do 29 de xaneiro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, referente ao réxime xurídico aplicable aos procedementos e forma de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local, sinalando que o réxime xurídico aplicable aos procedementos e formas de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local como consecuencia de quedar os mesmos excluídos do ámbito de aplicación da anterior Lei de Contratos do Sector Público (actual Lei 9/2017), é o que resulta das normas establecidas na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e das normas que a complementan e, en especial, polo Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como, no seu caso, polas normas promulgadas sobre tal materia polas Comunidades Autónomas respecto das normas declaradas non básicas, sendo de aplicación as normas sobre preparación e adxudicación de contratos, cando as normas patrimoniais así o expresen.

Por outro lado, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, establece que a adquisición poderá realizarse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da



**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/05/2022  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/05/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -

DOCUMENTO: 20220878359  
Fecha: 19/05/2022  
Hora: 14:47



disposición adicional décimo quinta, agás que se acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben.

### SEGUNDA.-

No referente á competencia para a adquisición directa do ben inmovible, esta segundo o disposto pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, corresponderá ao Pleno ou ao Alcalde, segundo si o valor do inmovible supera ou non o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, ou o importe de tres millóns de euros.

Polo que respecta ao procedemento e acudindo ao disposto no artigo 11 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación co disposto polo artigo 116.3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, con carácter previo ao acordo do órgano competente será preceptivo o cumprimento dos seguintes trámites:

- 1.- A emisión dun informe ou memoria sobre a existencia do interese público na súa adquisición, e xustificación do procedemento de adquisición directa do ben polas características concorrentes na operación.
- 2.- A emisión dun informe pericial de taxación ou valoración do inmovible.
- 3.- A emisión do informe xurídico sobre a situación de regularidade do inmovible e as condicións da compravenda proxectada.
- 4.- A emisión do informe pola Intervención Municipal sobre a existencia de crédito ao efecto.

### TERCEIRA.-

No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso, por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación, cuxa documentación en relación á propiedade do mesmo foi recadada de oficio polo departamento de secretaria:

- Descrición: Urbana.- Terreo, denominado "LAGOAS", sito na Avenida da Coruña, municipio de Ribeira, da superficie de 397 m2, que linda: Norte, estrada; Sur, Concello de Ribeira; Este, Manuela Martínez Martínez; e Oeste, Josefa Pérez Ageitos.
- Titulares do inmovible: D. Ángel M<sup>a</sup> Martínez Iglesias, DNI número 76.512.511-K; D. Anibal-José Martínez Iglesias, DNI número 76.512.510-C; e D. José Antonio Martínez Iglesias, con DNI número 76.516.371-V.
- Título: Escritura de aceptación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. José Antonio Moro Álvarez, na data 13/04/2012, co número 278 de protocolo.
- Referencia catastral: 15074A007000240000KF.
- Inscripción: Non consta.
- Clasificación do solo: Urbano.
- Cargas: Non constan.



Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxa adquisición se pretende.

#### CUARTA.-

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe técnico emitido na data 21/04/2022 polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, no que informa que o prezo de adquisición da parcela ascende a 20.757,17 euros.

En informe emitido na data 16/05/2022, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito pola contía de 20.757,17 euros, na aplicación orzamentaria 151.6000. Polo que resulta acreditado a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

#### QUINTA.-

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmovibles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida Lei prevé que teñan a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma *“Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorporales, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se regirán por la legislación patrimonial.”* E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 03 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.



d) Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 11/05/2022 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: “O proxecto “*SENDA PEATONAL EN COROSO*” (Expte 2021/00000001136), resulta executado no marco da estratexia DUSI “*MÁS RIBEIRA ATLÁNTICA 2020*”, cofinanciado nun 80% por fondos FEDER, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020. Actualmente o entorno do Río Grande está moi degradado, sendo imposible circular pola súa zona de servidume. Co obxecto de recuperar este espazo para uso público propónse a creación dunha senda peonil que permita acceder a pé á praia de Coroso desde a estrada AC-305. Entre as parcelas que resultan afectadas pola realización deste proxecto, atópase a parcela que se describe a continuación: *Descrición: Urbana.- Terreo, denominado “LAGOAS”, sito na Avenida da Coruña, municipio de Ribeira, da superficie de 397 m2, que linda: Norte, estrada; Sur, Concello de Ribeira; Este, Manuela Martínez Martínez; e Oeste, Josefa Pérez Ageitos. Propietarios: D. Ángel Mª Martínez Iglesias, DNI número 76.512.511-K; D. Anibal-José Martínez Iglesias, DNI número 76.512.510-C; e D. José Antonio Martínez Iglesias, con DNI número 76.516.371-V. Título: Escritura de aceptación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. José Antonio Moro Álvarez, na data 13/04/2012, co número 278 de protocolo. Referencia catastral: 15074A007000240000KF. Inscripción: Non consta.* Desta parcela soamente sería necesario a ocupación dunha superficie de 89 metros cadrados para a realización do citado proxecto, non obstante interesa a adquisición da mesma na súa totalidade co fin de poder destinala á execución dun área de ocio que complementa a obra definida no proxecto “*SENDA PEATONAL EN COROSO*”. Así se indica na Providencia da Alcaldía de data 23/03/2022, pola que se inicia expediente administrativo para a adquisición por compravenda da parcela referida co fin de destinala á execución dun área recreativa que complementa a obra definida no proxecto para a execución da “*SENDA PEATONAL EN COROSO*”. Estudadas e examinadas as características da parcela, resulta que ten unha superficie total de 397 m2. Ademais, está situada á beira da senda proxectada (de feito parte da parcela vese afectada para a realización da citada senda), e está valeira de edificacións. Todo isto, é dicir: superficie e situación, unido á súa cualificación urbanística (solo urbano), fan que esta parcela sexa especialmente idónea ao obxecto da súa adquisición polo Concello para crear o espazo público de referencia, o que imposibilita a adquisición doutras fincas e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

#### **SEXTA.-**

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación (2.000.564,50 euros) nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acordala adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

**Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.**

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/05/2022, e visto o informe





favorable emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data, 16/05/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**.

**PRIMEIRO.-** Adquirir por adjudicación directa o inmovible descrito a continuación, polo prezo total de 20.757,17 euros, que se fará efectivo mediante o correspondente talón/cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda:

- **Descrición:** Urbana.- Terreo, denominado “LAGOAS”, sito na Avenida da Coruña, municipio de Ribeira, da superficie de 397 m2, que linda: Norte, estrada; Sur, Concello de Ribeira; Este, Manuela Martínez Martínez; e Oeste, Josefa Pérez Ageitos.
- **Titulares do inmovible:** D. Ángel M<sup>a</sup> Martínez Iglesias, DNI número 76.512.511-K; D. Anibal-José Martínez Iglesias, DNI número 76.512.510-C; e D. José Antonio Martínez Iglesias, con DNI número 76.516.371-V.
- **Título:** Escritura de aceptación e adjudicación de herdanza, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. José Antonio Moro Álvarez, na data 13/04/2012, co número 278 de protocolo.
- **Referencia catastral:** 15074A007000240000KF.
- **Inscrición:** Non consta.
- **Clasificación do solo:** Urbano.
- **Cargos:** Non constan.

**SEGUNDO.-** O fin do inmovible que se pretende adquirir é para o seu destino ao servizo público, en concreto para proceder á execución dun área recreativa que complementa a obra definida no proxecto *SENDA PEATONAL EN COROSO* (Expte 2021/000000001136), que resulta executado no marco da estratexia DUSI “MÁS RIBEIRA ATLÁNTICA 2020”.

**TERCEIRO.-** As partes vendedoras deberán quedar obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**CUARTO.-** Inscribir o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición, así como no Rexistro da Propiedade de Noia.

**QUINTO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda agás o Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía).

**SEXTO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

